



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN

Informe sobre el estado e situación del Sistema Educativo

Curso 2007/2008

PROPOSTAS
DE MEJORA



CONSEJO
ESCOLAR
DEL ESTADO

educacion.es



MINISTERIO DE EDUCACIÓN

Consejo Escolar de Estado

Edita:

© Secretaría General Técnica

Subdirección General de Información y Publicaciones

Catálogo de publicaciones del Ministerio:
educacion.es

Fecha de edición: 2009

NIPO: 660-09-124-7

Depósito Legal: M-29720-2009

Imprime: Estilo Estugraf Impresores, S.L.

Índice

Presentación	5
Propostas de mellora	9
<i>0. De carácter xeral</i>	9
<i>1. Educación infantil</i>	10
<i>2. Educación primaria</i>	12
<i>3. Educación secundaria obrigatoria</i>	13
<i>4. Ensinanzas postobrigatorias: bacharelato e formación profesional</i>	15
<i>5. A máxima prioridade de futuro: investir en educación (o gasto)</i>	19
<i>6. Convivencia</i>	21
<i>7. Participación educativa</i>	22
<i>8. Propostas de mellora comúns a todas as etapas das ensinanzas non universitarias</i>	22

Presentación

O Consello Escolar do Estado, na sesión plenaria do 4 de xuño de 2009, debateu e aprobou o *Informe anual sobre o estado e situación do sistema educativo español* correspondente ao curso 2007/2008. Con iso, o máximo órgano consultivo e de participación das ensinanzas non universitarias cumpre coa súa función de participación na programación xeral da ensinanza. Este informe é o vixésimo segundo dende que a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, crease o Consello Escolar do Estado asignándolle o cometido de elaborar, aprobar e facer público o dito informe en cada curso académico. O presente é froito dun intenso traballo e da integración das achegas xenerosas e construtivas dos distintos sectores directamente implicados na educación que están representados no Consello. Quero amosar o meu agradecemento ao conxunto dos conselleiros e conselleiras porque neste curso logramos, grazas ao esforzo de todos, aprobar o informe do curso pasado antes de finalizar o actual.

Da lectura atenta e da análise do contido do *Informe sobre o estado e situación do sistema educativo no curso 2007/2008* pódese tirar unha síntese que permite delimitar cáles son os retos máis importantes da educación española que coinciden en sinalar os sectores representados neste órgano supremo de participación na programación xeral da ensinanza, así como as actuacións urxentes que cómpre acometer para os afrontar con éxito:

1ª. Que se produza un incremento substancial nos orzamentos para o 2010 do investimento en educación, recoñecendo así que é o mellor investimento de futuro en época de crise e empregar os recursos do *PlanE* para mellorar, ademais do emprego, a infraestrutura escolar como patrimonio e reflexo da cidadanía.

2ª. Que a Conferencia Sectorial de Educación adopte as medidas pertinentes para que se cumpra o *Plan Educa3*, se cubra a demanda

de prazas para o primeiro ciclo da educación infantil e se garanta a calidade e o carácter educativo desta etapa.

3ª. Que a Conferencia Sectorial de Educación fixe prioridades entre as actuacións previstas no *Plan de prevención do abandono escolar* e que as administracións educativas adopten as medidas oportunas para que todo o alumnado obteña cando menos a certificación de PCPI e, en todo caso, se lles certifiquen as competencias básicas adquiridas a aqueles alumnos que teñan completada a súa escolaridade obrigatoria e non obtiveran a titulación de secundaria obrigatoria, para evitar que saian do sistema educativo sen ningunha certificación.

4ª. Que a Conferencia Sectorial de Educación impulse de forma decidida un sistema integrado e flexible de formación profesional e desenvolva o procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e aprendizaxes non formais así como a Rede de Centros de Novas Oportunidades, polo de atracción para as persoas adultas. Todo iso coa finalidade de aumentar de maneira significativa a taxa de titulados en educación secundaria postobrigatoria, no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

5ª. Que as administracións competentes empreguen os resultados das avaliacións nacionais e internacionais para estableceren prioridades cando se adopten as oportunas medidas de mellora do sistema educativo e para dinamizaren o traballo nos centros e nas aulas.

6ª. Que as administracións competentes non escatimen esforzos e recursos para garantir a actualización e mellora da formación inicial do profesorado e impulsen con urxencia a implantación dos graos de infantil e primaria e o máster de secundaria, e que velen para que a parte práctica da formación se imparta con calidade e rigor.

7ª. Que a Presidencia do Consello solicite ao Ministerio de Educación a elaboración, para o vindeiro curso, dos indicadores que permitan coñecer a evolución das actuacións emprendidas nos temas que se

consideraron prioritarios, co obxecto de que o vindeiro informe poida facer eco dos avances rexistrados.

Estamos case na véspera de que España ostente a Presidencia da Unión Europea no primeiro semestre do ano 2010, momento de facer balance da nosa situación respecto aos diferentes obxectivos que se fixaron na Estratexia de Lisboa. É obrigado un esforzo importante por parte de todos -administracións, centros docentes e comunidade educativa- para lograr acadar os ditos obxectivos nos aspectos que sexan posibles e para mellorarmos os nosos resultados naquelo que nos que aínda nos atopamos moi lonxe da meta prevista.

En consecuencia, consciente do valor engadido que significa lograr acadar un notable grao de consenso, o Consello Escolar do Estado demanda ás autoridades, á comunidade educativa e a si mesmo un xeneroso esforzo para cooperar a prol da mellora da educación. Por esta razón, as actuacións urxentes que se solicitan teñen a forza de vir propostas, non por un ou varios sectores, senón de constituír as aspiracións da comunidade educativa no seu conxunto para lograr a estabilidade e eficacia do sistema educativo. Así, o Consello insta ao Ministerio de Educación, á Conferencia Sectorial de Educación, a todas as administracións educativas, ás institucións, organismos e á sociedade en xeral para que, co grao de competencia e responsabilidade que a cada quen lle corresponde, convertan a educación na máxima prioridade, xa que o investimento en educación reporta beneficios individuais e sociais que reverten no benestar social cun efecto multiplicador.

Aspectos formais e contidos do presente informe

Mantívose unha estrutura similar á dos cursos anteriores para focalizar a atención sobre os aspectos que se consideran máis relevantes do curso académico obxecto de análise sen perder a riqueza de datos e matices que representa a información estatística e documental. Ademais, se xa o curso pasado as propostas de mellora que o Pleno

aprobou se publicaron tanto en castelán como nas linguas cooficiais do Estado, para facilitar a súa maior difusión e incrementar as posibilidades de influencia institucional da comunidade educativa, este curso incorpórase tamén a publicación destas en inglés.

No *Apartado I* inclúese a análise dos acontecementos máis destacados do curso.

No *Apartado II* mantéñense seis capítulos cos seis aspectos máis relevantes do noso sistema e a súa comparación internacional e engadiuse un novo, relativo á participación, que inclúe as conclusións dos décimo oitavos Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado, realizados en Bilbao e organizados polo Consello Escolar do País Vasco, que tiveron como tema de traballo monográfico *as competencias básicas*. En cada un destes capítulos inclúense aquelas *propostas de mellora* que o Consello Escolar do Estado estima conveniente elevar ás administracións educativas.

No *Apartado III* recóllese toda a información estatística e documental, clasificada por epígrafes coa estrutura de cursos anteriores, para facilitar a localización de datos e a súa comparación e mantense o apartado específico dedicado a Ceuta e Melilla.

Toda a información contida nos apartados descritos está incorporada ao CD que acompaña a publicación en papel. Pola súa banda, as propostas de mellora que complementan cada un dos aspectos máis relevantes da educación española (educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación postobrigatoria, convivencia e igualdade e participación) complétanse con outras propostas de mellora de carácter xeral e comúns a todas as etapas das ensinanzas non universitarias. Este conxunto de propostas publícase nunha separata á que se lle pretende dar a maior difusión posible.

Carmen Maestro Martín
Presidenta do Consello Escolar do Estado

Propostas de mellora

0. De carácter xeral

1ª) O Consello Escolar do Estado insta ao Ministerio de Educación a buscar un marco que permita un compromiso institucional, acordo ou pacto de Estado que asegure a estabilidade dun sistema educativo válido e eficaz para todo o territorio nacional e con visos de permanencia, cuestión esencial para mellorar o sistema educativo, a ensinanza pública e as condicións de traballo dos docentes.

2ª) O Consello Escolar do Estado considera que a escola pública debe ser o eixo que vertebre o sistema educativo do Estado español, pois a escola pública é a que está en todas as vilas e cidades, en todos os barrios e aldeas, é á que acode a meirande parte do alumnado de todo o Estado, a que fai que a etapa de escolarización obrigatoria sexa unha etapa de convivencia entre escolares, cos iguais e cos distintos, unha etapa que contribúe con esta convivencia ao mellor desenvolvemento democrático dunha sociedade cada día máis diversa, máis múltiple, máis plural. Esta escola, a escola pública, na que cursa a escolarización obrigatoria a maioría do alumnado de todo o Estado, é a que deben potenciar os poderes públicos.

3ª) O Consello Escolar do Estado proponlle ao Ministro de Educación que coa urxencia necesaria articule as medidas oportunas para consensuar cos representantes do profesorado un estatuto docente que adapte a profesión docente aos novos marcos institucionais derivados do estado das autonomías e da nosa integración en Europa e ás novas realidades sociais, baseándose nos compromisos que o Ministerio de Educación adquiriu no marco institucional da Mesa Sectorial do 18 de abril de 2007. Por outra banda, xa que a formación do profesorado constitúe unha das claves para mellorar importantes aspectos do sistema educativo, o Consello Escolar do Estado reitéralle ao Ministro de Educación, aos consellos de universidades e ás

administracións educativas a urxencia de impulsar o novo sistema de formación inicial e os plans de formación permanente necesarios para que os docentes afronten o esforzo que esixen os novos contextos sociais e educativos co recoñecemento e a valoración social que lles corresponde.

4ª) O Consello Escolar do Estado insta ao Ministerio de Educación a impulsar as avaliacións nacionais e internacionais como ferramenta de mellora e a tirar dos resultados as conclusións que melloren o noso sistema educativo. Así mesmo, insta á Conferencia Sectorial de Educación a que arbitre os medios axeitados para que se difundan e se discutan entre o profesorado os modelos de probas destas avaliacións na medida en que poidan axudar a renovar os procesos de ensinanza e aprendizaxe nos nosos centros e, sobre todo, espallar as *boas prácticas* levadas a cabo polos centros educativos.

5ª) O Consello Escolar do Estado insta ás diferentes administracións educativas a cumprir o precepto establecido pola Lei orgánica de educación, no seu artigo 84.3, que establece que *“en ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social”* que leva consigo non subscribir ou suprimir os concertos educativos con centros que non permiten a matriculación mixta do alumnado.

6ª) O Consello Escolar do Estado insta ás administracións educativas a que promovan a aplicación tanto no currículo como nos centros e contornos formativos, dos principios de igualdade de oportunidades, deseño para todos e accesibilidade universal.

1. Educación infantil

1ª) Unha vez que practicamente se completou a escolarización no segundo ciclo da educación infantil, ínstase ás administracións educativas a potenciar de maneira significativa a escolarización no

primeiro ciclo co fin de acadar os obxectivos marcados no Programa Nacional de Reformas no horizonte do 2010, a incrementar os esforzos nas campañas informativas ás familias sobre os beneficios da escolarización temperá e a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos pais e nais.

2ª) O Consello Escolar do Estado congratúlase da posta en marcha do *Plan Educa 3*, que dá resposta á súa proposta do curso anterior dun Plan Especial de Educación Infantil. Para que esta iniciativa teña éxito, instase ás administracións educativas e ás corporacións locais a que realicen o máximo esforzo de coordinación e cooperación en materia de financiamento. Así mesmo, co obxectivo de asegurar uns niveis mínimos de calidade en todo o Estado, o Ministerio de Educación, tras as correspondentes negociacións e consultas, debería regular os marcos necesarios sobre os requisitos mínimos referidos a persoal e instalacións que deben cumprir todos os centros educativos de educación infantil nos seus dous ciclos e as ensinanzas mínimas comúns no primeiro ciclo, así como realizar a avaliación e seguimento dos criterios de calidade e equidade contemplados no plan para garantir o carácter educativo do conxunto da etapa.

3ª) O Consello Escolar do Estado considera que, ante o carácter educativo que a LOE lle marca á educación infantil, os centros do primeiro ciclo desta etapa educativa que dependen das administracións autonómicas non especificamente educativas, deben transferirse á Consellería de Educación da súa correspondente comunidade.

4ª) Instase ás administracións educativas a que promovan a efectiva e temperá detección de necesidades específicas de apoio educativo, singularmente aquelas asociadas á discapacidade, cuxa precoz detección permite o aproveitamento do período crítico de aprendizaxe nos nenos que, nestas circunstancias, determina de forma irreversible o seu futuro desenvolvemento e as súas aprendizaxes posteriores.

5ª) Propónselles ás administracións educativas que elaboren plans de transición específicos dende o último curso da educación infantil ao primeiro curso da educación primaria, así como que insten aos centros docentes a elaborar proxectos educativos que recollan explicitamente a continuidade entre o segundo ciclo de educación infantil e o primeiro ciclo de educación primaria con accións coordinadas que presten atención especial á participación das familias.

2. Educación primaria

1ª) Propónselles ás administracións educativas a elaboración dun plan específico de fomento da lectura dende a educación primaria que lle proporcione ao profesorado formación, instrumentos e recursos de todo tipo para cumprir axeitadamente a disposición legal de dedicar un tempo diario á lectura en todas as áreas e materias. Este plan específico debe, así mesmo, arbitrar as actuacións necesarias para dotar os centros de bibliotecas escolares con instalacións axeitadas, atendidas por persoal especializado e con recursos e horarios suficientes e incluír ferramentas e materiais dirixidos ás familias e ao alumnado. Para garantir a súa eficacia o plan debe ir acompañado da correspondente memoria económica e dunha avaliación periódica dos resultados obtidos.

2ª) As avaliacións de diagnóstico ao finalizar o segundo ciclo de educación primaria deben ser un instrumento para detectar as dificultades de aprendizaxe e favorecer a adopción de medidas de mellora. Recoméndaselles ás administracións educativas a planificación de actividades de reforzo e recuperación que formen parte das actuacións ordinarias dos centros educativos e que sexan o suficientemente flexibles para permitir intervir no momento en que as dificultades se detecten como a fórmula máis eficaz para favorecer o éxito do alumnado ao finalizar a ensinanza obrigatoria. A planificación das actividades de reforzo e recuperación deben formar parte dos proxectos educativos, polo que os centros deberían dispoñer da

necesaria dotación de cadros de persoal e dos recursos necesarios para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

3ª) O Consello Escolar do Estado recoméndalles ás administracións educativas que potencien os seus esforzos para facilitaren o tránsito entre as etapas primaria e secundaria, mediante a elaboración de axeitados programas de coordinación entre o profesorado que imparte ambos os dous niveis, incluída a necesaria previsión dos recursos de apoio que dean resposta ás necesidades específicas de apoio educativo.

3. Educación secundaria obrigatoria

1ª) O Consello Escolar do Estado considera que o problema máis importante do noso sistema educativo é a baixa taxa de alumnos que acaban con éxito a ensinanza obrigatoria, moi lonxe dos niveis de titulación dos países da UE. Por iso, este Consello insta ás administracións educativas a reforzar as titorías e a orientación e seguir mellorando a atención á diversidade con programas en todos os centros que inclúan a disposición dos recursos humanos e materiais necesarios para o alumnado con discapacidade, medidas de compensación educativa e os Plans de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA). Así mesmo, débese garantir o coñecemento da execución e a avaliación destes plans. En xeral, todas as actividades de reforzo e apoio requiren unha planificación coidada e “horas de docencia”, algunhas delas especializadas. O incremento de cadros de persoal (rateo profesor/aula) é urxente, pois a realidade actual é deficiente nos centros educativos. A incorporación de equipos de orientación en número suficiente tamén é esencial.

2ª) No que se refire á elevada porcentaxe de alumnos que rematan a ESO sen ningún título e ao abandono escolar prematuro relacionado con aquel, hai dous asuntos que lle preocupan á sociedade, ao CEE e ás propias autoridades: a elevada taxa de abandono, así como a

resistencia a diminuír, e a existencia de notables diferenzas entre os índices das comunidades autónomas. Ao respecto, e á vista do Plan de Prevención do Abandono Escolar acordado durante o período de elaboración do presente informe, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, o Consello Escolar do Estado solicítalle ao Sr. Ministro que formule no devandito órgano a necesidade de fixar prioridades, entre as actuacións previstas, e de avaliar con rigor os resultados desas actuacións prioritarias. Ademais, o CEE proponlle á Conferencia que estude algunha vía de saída para os alumnos que completan a súa escolaridade obrigatoria e non obteñen ningunha acreditación. En particular, suxire analizar a conveniencia de expedirilles a estes alumnos un certificado oficial con validez a efectos laborais e coa posibilidade de lles facilitaren o acceso a determinados módulos profesionais, acordos coa súa situación e posibilidades.

3ª) O denominado “fracaso escolar” é máis acusado no caso dos varóns. En consecuencia, recoméndalles ás administracións educativas o estudo das causas desta diferenza e a elaboración de plans específicos que presenten unha oferta formativa atractiva para os mozos e que inclúan campañas de concienciación dirixidas ás familias e actuacións concretas como o reforzo da titoría e da orientación escolar, apoios educativos e desdobramentos, así como a dotación do persoal necesario, destinadas ao alumnado con carencias familiares e sociais ou que rexeita a institución escolar.

4ª) O Consello Escolar do Estado insta ao Ministerio de Educación e ás administracións educativas a crear unha oferta que cubra a demanda existente, suficiente e eficaz, de Programas de Cualificación Profesional Inicial, aumentando a diversificación desta e a facilitar o acceso dende a cualificación profesional inicial aos ciclos formativos de grao medio, tendo en conta criterios como o entorno socioeconómico e as necesidades reais de formación e emprego. Neste sentido, deberían incrementarse as cualificacións que forman parte do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional de nivel 1 pois, de non

facelo así, podería ser inviable a curto prazo a impartición dos PCPI ao careceren da referencia fundamental para a súa ensinanza.

4. Ensinanzas postobligatorias: bacharelato e formación profesional

1ª) O Consello Escolar do Estado constata o acusado déficit de España en relación coa taxa de titulación en educación secundaria postobligatoria na banda de idade de 18 a 24 anos. En consecuencia, insta ás administracións educativas a adoptar cantas medidas sexan necesarias para lograr aumentala, do 61,4 % actual cara ao obxectivo europeo do 85% e a espallar a información sobre as ensinanzas postobligatorias e a que non escatimen esforzos para que o alumnado con discapacidade permaneza e avance dentro do sistema educativo máis alá das etapas obrigatorias, accedendo a maiores niveis de formación. Para iso, será necesaria a continuidade e a estabilidade na previsión e a dotación de recursos de apoio.

A) Bacharelato

2ª) O Consello Escolar do Estado considera que é imprescindible unha maior flexibilidade do bacharelato, a través do aumento da oferta de calidade e diversificada desta etapa educativa e insta ao Ministerio de Educación para que aprobe a normativa necesaria que garanta unha oferta suficiente e debidamente planificada de bacharelatos nocturno e a distancia en todo o Estado. A maior flexibilidade esixe un reforzo da orientación no último ano da educación secundaria obrigatoria para que o alumnado conte cunha ampla información, incluíndo o deseño dos novos estudos universitarios, que lle permita elixir a modalidade ou vía máis axustada ás súas competencias e intereses.

3ª) Ínstase ao Ministerio de Educación e ás administracións educativas a velar pola axeitada coordinación entre os centros de secundaria e as universidades para que as Probas de Acceso á Universidade se

acomoden aos contidos e ás funcións do bacharelato, o que esixe unha presenza relevante do profesorado que imparte docencia en bacharelato no deseño destas.

B) Formación profesional¹

4ª) O Consello Escolar do Estado constata o importante desequilibrio entre as taxas de matriculación nos estudos profesionais e os estudos académicos, claramente desfavorable para aqueles. Polo tanto, considérase necesario promover unha maior cooperación do mundo empresarial, as universidades e os axentes económicos e sociais no deseño e planificación das ensinanzas profesionais para adoptar unha serie de medidas que permitan incrementar a matrícula en ciclos de formación profesional de grao medio:

- Completar o desenvolvemento do Catálogo de Títulos de Formación Profesional no marco LOE, tras realizar os oportunos estudos de tendencia para adaptar a oferta ás necesidades e á demanda do mundo produtivo, cunha maior cooperación do mundo empresarial e os axentes sociais no deseño e planificación das ensinanzas profesionais.
- Promover campañas informativas para favorecer o aumento de alumnos e alumnas que acceden e titulan nestes ciclos e incrementar o número de centros que imparten estas ensinanzas cunha oferta atractiva para a mocidade, suficiente e diversificada, que inclúa nas cualificacións profesionais e os módulos formativos a accesibilidade universal e que permita escolarizar a todo o alumnado que o demande sobre a base dun aumento da calidade mediante un maior investimento, un menor número de estudantes por aula, materiais e instrumentos de traballo, estudo e prácticas axeitadas, etc. Así mesmo, insta

¹ A atención que recibiu no curso 2007/08 a formación profesional e a necesidade de impulsar decididamente estes estudos, xustifica a maior amplitude das propostas de mellora destes.

ao Ministerio de Educación a que continúe fomentando os programas de mobilidade e o desenvolvemento de políticas de información e orientación profesional.

- Potenciar o módulo de Formación en Centros de Trabajo (FCT) e asegurar a través dos servizos de inspección que o dito módulo se desenvolva correctamente, posibilitando realizar parte da FCT nun país europeo e establecendo mecanismos de financiamento específicos para o alumnado mentres cursa o dito módulo de formación. Así mesmo, ínstase ás administracións educativas para que lle aseguren ao alumnado con discapacidade a realización de prácticas externas de calidade en contornos laborais accesibles.
- O Consello Escolar do Estado recomenda prestar especial atención ás necesidades de formación do profesorado que imparte as ensinanzas na formación profesional de grao medio e de grao superior. É imprescindible xeneralizar programas formativos e estímulos laborais e económicos dirixidos a todo o profesorado dos centros públicos e privados concertados para facilitar o perfeccionamento e o acceso ao coñecemento das novidades específicas de cada materia e aos últimos avances tecnolóxicos para manter un nivel de ensinanza que se corresponda coas esixencias das actividades profesionais para as que se está capacitando a todo o alumnado.

5ª) O Consello Escolar do Estado recomenda prestar atención específica aos colectivos de mozos que teñen problemas para titular en ESO, ou para continuar estudando, e que deberían matricularse en ciclos de FP de grao medio:

- Xeneralizar os Programas de Cualificación Profesional Inicial para reducir o fracaso escolar en ESO e mellorar o acceso dende os Programas de Cualificación Profesional Inicial aos ciclos de grao medio, con ampla oferta de cursos preparatorios

das probas de acceso, incorporando modalidades "on line", semipresencial ou a distancia. Así mesmo, recoméndase iniciar o procedemento para establecer un curso de acceso directo aos ciclos de grao medio dende os Programas de Cualificación Profesional Inicial, cunha oferta formativa adaptada.

- Establecer bolsas de estudo específicas para estudantes de FP, que axuden a evitar o abandono temperá da educación e proporcionar incentivos económicos a alumnado e empresarios coa fin de facilitar o desenvolvemento de fórmulas compostas formación-emprego, permitindo compatibilizar a formación e o traballo a tempo parcial.
- O Consello Escolar do Estado insta ao Ministerio de Educación a que garanta que o alumnado que curse ciclos formativos de grao medio poida acceder aos ciclos de grado superior a través dun curso de acceso que teña un peso notable nese tránsito.

6ª) O Consello Escolar do Estado recomenda así mesmo prestar atención específica aos colectivos de adultos sen o nivel de educación secundaria superior que poderían retornar ao sistema educativo, preferentemente a estudos para a obtención do título de ESO ou á oferta de FP de grao medio. Para iso proponse:

- Aumentar a oferta de titulacións, incluíndo o voluntariado social, e incrementar a flexibilidade das ensinanzas presenciais e a súa impartición en réxime nocturno, ademais de desenvolver plataformas de teleformación e a formación a distancia.
- Establecer unha Rede de Centros de Novas Oportunidades, cunha dobre función académica e laboral, onde se determinarían e acreditarían as competencias básicas alcanzadas en relación cos niveis de ESO, así como o recoñecemento e acreditación de competencias profesionais

de nivel 1, que se integran nos Certificados de Profesionalidade da Administración laboral. Así mesmo proporcionaranse ofertas formativas adaptadas para completar o título de ESO, ou para adquirir as competencias básicas requiridas para poder cursar Certificados de Profesionalidade de niveis 2 e 3. A esta Rede poderíanse incorporar tanto centros de nova construción, como centros integrados de formación profesional, centros de adultos e institutos con quendas vespertina e nocturna.

- O Consello Escolar do Estado considera imprescindible a optimización dos recursos nos dous subsistemas de formación profesional –inicial e formación para o emprego-, establecendo unha maior flexibilidade entre os ciclos formativos, o bacharelato e outros estudos, articulando e integrando eficazmente todo o sistema regrado e non regrado. Así mesmo estima necesaria a promoción dun sistema integrado de información e orientación profesional e escolar xestionado polas administracións laboral e educativa, así como o reforzamento de políticas, sistemas e prácticas relacionadas coa información, orientación e asistencia dos cidadáns e a disposición dos recursos tecnolóxicos de apoio para o alumnado con discapacidade.

5. A máxima prioridade de futuro: investir en educación (o gasto)

1ª) En España o gasto público en educación está por debaixo da media da Unión Europea e da OCDE. En consecuencia, ínstase ás administracións educativas a que fagan efectivo o previsto no artigo 155.2 da LOE, co fin de dar cumprimento aos obxectivos establecidos e alcanzar, no menor prazo posible, a equiparación cos países da UE tanto en gasto sobre o PIB como en gasto anual por alumno.

2ª) Nas presentes circunstancias de crise o CEE insiste, con maior motivo, na súa petición ao Goberno, por medio do Sr. Ministro de Educación, para que incremente nos Orzamentos Xerais para o ano 2010, de maneira significativa, o investimento en educación reforzando prioritariamente as partidas destinadas aos seguintes fins:

- I) Mellora da infraestrutura escolar coa renovación, mellora e equipamento dos centros. Gran parte do incremento no gasto público debería ir dirixido ás tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á educación e á formación.
- II) Oferta suficiente e eficaz de programas de cualificación profesional inicial.
- III) Formación permanente do profesorado en competencias básicas, en idiomas, no uso das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á educación e en modalidades educativas flexibles apoiadas nas devanditas ferramentas didácticas, así como no coñecemento e intervención sobre as necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade.
- IV) Satisfacer a demanda do primeiro ciclo de educación infantil.

3ª) Ínstase ás administracións educativas a que fagan un esforzo para procurar a equiparación á media europea e da OCDE nas bolsas de axuda de mobilidade incluídas nos diferentes programas europeos.

4ª) Segue vixente a proposta contida en informes de cursos anteriores, pola que o Consello Escolar do Estado manifestaba que cómpre aumentar o investimento en educación ata o 7% do PIB na finalización

da actual lexislatura, para superar os déficits estruturais de anos de investimento por debaixo da doutros países do noso entorno.

6. Convivencia

1ª) Proponse a aprobación dunha normativa específica e básica que garanta que todos os centros escolares contén cos recursos materiais e humanos necesarios para poñer en práctica o seu Proxecto Educativo, o seu Plan de Atención á Diversidade e o seu Plan de Convivencia e que dispoñan da suficiente capacidade organizativa para dar respostas singulares naqueles casos que o requiran.

2ª) O Consello Escolar do Estado propón a realización dun protocolo de actuación entre as administracións educativas e os medios de comunicación con dous fins: lograr un tratamento rigoroso dos problemas de convivencia que se producen na escola e desenvolver iniciativas que permitan percibir o impacto dos medios de comunicación e internet no alumnado e reforzar o uso racional deses medios.

3ª) Propónselle ao Ministerio, a través do Observatorio da Convivencia, a realización dun estudo sobre a situación educativa do numeroso contingente de alumnos inmigrantes: a súa integración efectiva, os seus resultados académicos, as súas actitudes a respecto da escola que os acolle, etc. Así mesmo, ínstase ao Instituto de Avaliación a realizar un estudo sobre os valores e as actitudes para a convivencia do alumnado e o clima escolar dos centros educativos co fin de buscar solucións reais aos conflitos e para poder avaliar o impacto de mellora das medidas adoptadas. Recoméndase a difusión dos ditos estudos así como a recompilación e difusión de prácticas significativas de mediación, fomento da convivencia entre alumnos de diferentes culturas e da igualdade real entre homes e mulleres.

4ª) O Consello Escolar do Estado insta ao Ministerio de Educación a que desenvolva unha normativa que obrigue á composición paritaria entre os sectores de docentes e de nais e pais do alumnado a partir da ESO nas comisións de convivencia dos centros educativos.

5ª) O Consello Escolar do Estado fai un chamamento ao Ministerio para que avalíe o Plan de Mellora da Convivencia Escolar que levou consigo o asinamento de convenios con diferentes institucións, axentes sociais e organizacións da comunidade educativa como reforzo do Plan de Convivencia, facéndose eco da denuncia do seu pouco ou escaso cumprimento por parte dalgúns sectores. Así mesmo, faise un chamamento ao Ministerio de Educación e á Conferencia Sectorial de Educación, para o desenvolvemento dun novo marco de dereitos, deberes e garantías das e dos estudantes e o establecemento duns criterios comúns no tratamento da convivencia escolar.

7. Participación educativa

1ª) O Consello Escolar do Estado insta ás administracións educativas a regular legalmente o fomento da participación garantindo e incrementando os recursos para o seu desenvolvemento en todos os sectores que compoñen a comunidade educativa.

8. Propostas de mellora comúns a todas as etapas das ensinanzas non universitarias

1ª) Ínstase ás administracións educativas a que fagan efectiva a autonomía dos centros para diagnosticar as necesidades, deseñar as medidas a adoptar e elaborar os seus proxectos educativos, promovendo a cultura do esforzo e o espírito emprendedor. Tamén deben facilitar e promover o traballo cooperativo dos equipos docentes e a cooperación entre os centros educativos e as familias a partir do

reforzo das titorías e da orientación escolar, polo que se insta ás administracións educativas e aos centros docentes a que favorezan a implicación e a participación das familias dispoñendo todas as medidas necesarias para facilitar o seu contacto coa escola, habilitando os horarios que sexan accesibles para todas as partes implicadas e establecendo os correspondentes permisos laborais. Así mesmo, instase ao Ministerio de Educación e ás administracións educativas a que se aplique a Disposición adicional vixésimo novena da LOE para que se estude a contía dos módulos de concerto e se achegue realmente á gratuidade destas ensinanzas.

2ª) O Consello Escolar do Estado insta aos poderes públicos a establecer programas específicos en todos os centros educativos e de formación no marco do Plan Nacional do I+D e atendendo as directrices europeas de garantía de calidade.

3ª) O Consello Escolar do Estado reitéralle ao Sr. Ministro de Educación, e aos consellos de universidades, a urxencia de completar a normativa que establece os graos de infantil e primaria e o máster de secundaria, así como os de especialización en atención á diversidade. Insiste, ademais, na necesidade imprescindible de que estes estudos incorporen e apliquen a parte práctica da formación con todo rigor dende o comezo, polo efecto motivador e dinamizador que podería ter nos centros en que se realizaran as ditas prácticas e por extensión en todos os centros de secundaria. Así mesmo, suxire que a selección de profesorado e centros de prácticas se faga con criterios que impliquen ás administracións educativas, e que seleccionen a profesores que teñan acreditada unha práctica innovadora e eficaz e insta á UNED para que active a oferta do máster de secundaria para posibles interesados en todo o ámbito nacional. Finalmente, o Consello Escolar do Estado considera fundamental o desenvolvemento de plans de formación permanente adaptados ás novas necesidades profesionais, sendo prioritarias a formación en idiomas, e no desenvolvemento na aula das competencias básicas, así como o uso das TIC e a formación no apoio educativo á discapacidade.

4ª) Resulta necesario promover melloras na ensinanza das linguas estranxeiras. Neste contexto deberían adoptarse decisións que permitan o intercambio de profesorado e persoal auxiliar e, máis concretamente, revisarse e axilizarse o procedemento de validación de titulacións para profesores de idiomas que proveñan doutros países. Así mesmo, o Consello Escolar do Estado insta ao Ministerio de Educación a modificar o Decreto 1629/2006 co obxecto de que as Escolas Oficiais de Idiomas poidan impartir e certificar os niveis C do Marco Común Europeo de referencia para as linguas.

5ª) O Consello Escolar do Estado insta aos poderes públicos a que realicen unha axeitada programación da oferta educativa co fin de facer efectiva a plena e equilibrada escolarización, sen exclusións, e a favorecer a integración nos centros públicos e privados concertados do alumnado inmigrante que se incorpora serodidamente ao sistema educativo, dos que presentan problemas ou riscos de abandono e de exclusión social, así como dos alumnos e alumnas que presentan necesidades educativas especiais, especialmente nos casos nos que exista un desfase curricular importante ou que descoñezan as linguas oficiais da correspondente comunidade autónoma. Así mesmo, instase ás administracións á creación de centros de recursos e equipos de acollida que estuden a situación escolar, persoal, familiar e social do alumnado procedente doutros países para cooperar co equipo educativo dos centros na avaliación ou diagnóstico inicial e no establecemento de medidas de atención específica.

6ª) O Consello Escolar do Estado considera fundamental o desenvolvemento integral da infancia e a adolescencia polo que insta ás administracións educativas a fomentar a cooperación coas administracións locais e os seus servizos culturais, sanitarios e sociais para a mellor atención integral de toda a poboación escolarizada.

7ª) O Consello Escolar do Estado insta ao Goberno e ao Parlamento a que introduzan as modificacións legais oportunas para estender a escolarización obrigatoria ata os 18 anos.

8ª) O Consello Escolar do Estado insta ao Goberno para que lle garanta ao profesorado, ademais doutros dereitos laborais,² a xubilación anticipada indefinida.

9ª) Para poder realizar un diagnóstico axustado de todos os aspectos que concorren na situación do sistema educativo, o Consello Escolar do Estado insta ao Ministerio de Educación e ás administracións educativas a realizar estudos sobre as vantaxes ou desvantaxes que supón a separación dos dous ciclos de educación infantil en centros educativos distintos, sobre os proxectos bilingües e plurilingües existentes nos distintos ámbitos territoriais, sobre a repetición de curso e as súas consecuencias no logro do éxito escolar, sobre o grao de absentismo do profesorado, sobre as razóns de abandono escolar na etapa obrigatoria dende a perspectiva do alumnado e das familias para desenvolver indicadores que permitan a detección precoz do abandono escolar e sobre o horario lectivo real do alumnado de secundaria.

² Gratuidade na prestación farmacéutica para os pensionistas de MUFACE. Recoñecementos médicos anuais de acordo coa Lei de Prevención de Riscos Laborais.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN

Informe sobre el estado y situación del sistema educativo

Curso 2007/2008



educacion.es

Índice

Presentación	5
Propuestas de mejora	11
<i>0. De carácter general</i>	<i>11</i>
<i>1. Educación infantil</i>	<i>13</i>
<i>2. Educación primaria</i>	<i>14</i>
<i>3. Educación Secundaria Obligatoria</i>	<i>15</i>
<i>4. Enseñanzas postobligatorias: Bachillerato y Formación Profesional</i>	<i>17</i>
<i>5. La máxima prioridad de futuro: invertir en educación (el gasto)</i> .	<i>22</i>
<i>6. Convivencia</i>	<i>23</i>
<i>7. Participación educativa</i>	<i>24</i>
<i>8. Propuestas de mejora comunes a todas las etapas de las enseñanzas no universitarias</i>	<i>25</i>

Presentación

El Consejo Escolar del Estado, en la sesión plenaria de 4 de junio de 2009, ha debatido y aprobado el Informe anual sobre el estado y situación del sistema educativo español correspondiente al curso 2007/2008. Con ello, el máximo órgano consultivo y de participación de las enseñanzas no universitarias cumple con su función de participación en la programación general de la enseñanza. Este informe es el vigésimo segundo desde que la Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del Derecho a la Educación, crease el Consejo Escolar del Estado asignándole el cometido de elaborar, aprobar y hacer público dicho informe en cada curso académico. El presente ha sido fruto de un intenso trabajo y de la integración de las aportaciones generosas y constructivas de los distintos sectores directamente implicados en la educación que están representados en el Consejo. Quiero mostrar mi agradecimiento al conjunto de los consejeros y consejeras porque en este curso hemos logrado, gracias al esfuerzo de todos, aprobar el informe del curso pasado antes de finalizar el actual.

De la lectura atenta y el análisis del contenido del *Informe sobre el estado y situación del sistema educativo en el curso 2007-2008* se puede extraer una síntesis que permite delimitar cuáles son los retos más importantes de la educación española, que coinciden en señalar los sectores representados en este órgano supremo de participación en la programación general de la enseñanza, así como las actuaciones urgentes que es preciso acometer para afrontarlos con éxito:

1ª Que se produzca un incremento sustancial en los Presupuestos para el 2010 de la inversión en educación reconociendo así que es la mejor inversión de futuro en época de crisis y utilizar los recursos del *PlanE* para mejorar, además del empleo, la infraestructura escolar como patrimonio y reflejo de la ciudadanía.

